

**ADMINISTRACIÓN LOCAL**  
**MUNICIPAL**  
**PONTEAREAS**

**Ordenanzas e Regulamentos**

*APROBACIÓN DEFINITIVA ORDENANZA PREZO PÚBLICO BALEIRADO DE FOSAS  
SÉPTICAS*

*ANUNCIO DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA  
PRESTACIÓN DE SERVIZOS PARA BALEIRADO DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS*

O Pleno da Corporación Municipal, na sesión levada a cabo o día 31 de xaneiro de 2023 aprobou inicialmente a Ordenanza fiscal reguladora do prezo público pola prestación de servizos para baleirado de pozos negros e fosas sépticas do Concello de Ponteareas, e que derroga a aprobada no Pleno da Corporación o día 25 de febreiro do 2020 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 161, do 21 de agosto do 2020.

O anuncio de aprobación inicial publicouse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 196 de data 09.10.2020 sometendo o expediente a un período de información pública e audiencia por prazo de trinta días hábiles a contar dende o seguinte á publicación para a presentación de reclamacións e suxestións.

Concluído o período de información pública, ao non terse presentado alegación ou reclamación algunha, emitíuse certificación de aprobación definitiva da ordenanza.

A presente Ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación do acordo definitivo do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpor polos/as interesados/as Recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación.

**ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN  
DE SERVIZOS PARA BALEIRADO DE POZOS NEGROS E FOSAS SÉPTICAS**

*ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE*

Constituirá o feito impoñible do prezo público regulado nesta Ordenanza cada servizo de baleirado de pozos negros e fosas sépticas até o máximo establecido como unidade de baleirado, o traslado dos residuos e a súa recepción nas instalacións de EDAR municipal. Até un máximo de 15.000 litros por ano natural.



Mércores, 10 de maio de 2023

Núm. 89

Constituirá tamén o feito impoñible deste prezo público a solicitude do servizo para realizar unicamente o vertido dos residuos recollidos procedentes do baleirado dunha fosa séptica ou pozo negro na EDAR do Concello, até o máximo establecido por cada unidade de vertido. Neste caso non se establece límite anual de vertido.

## ARTIGO 2. DEFINICIÓNS

Para os efectos desta Ordenanza, enténdese por:

- Pozo cego ou pozo negro. Escavación no terreo, xeralmente de forma circular, revestida de paredes perforadas que recibe a descarga das augas residuais (augas negras). Nese sistema primario de depuración o líquido filtrase no terreo, mentres que a parte sólida queda retida ata que se descompón por efecto bacteriano. A profundidade máxima do pozo ven determinada pola capa freática ou capa de auga superficial ou subterránea do terreo á que non debe alcanzar o pozo para non contaminar dita auga.
- Fosa séptica. Instalación na que se leva a cabo o tratamento primario de augas residuais de natureza doméstica procedentes de vivendas unifamiliares, de Centros socio-culturais ou casas de turismo rural situados nos lugares ou parroquias sen saneamento. Componse de dous ou máis compartimentos nos que se realiza a separación e a reacción físico-química da materia orgánica desas augas.
- Estación depuradora de augas residuais (EDAR). Unidade composta por instalacións, estruturas ou mecanismos que permitan unha depuración por métodos físicos, químicos ou biolóxicos da auga residual co fin de adecuar a auga residual aos obxectivos de vertedura.
- Unidade de baleirado. Establécese como unidade de baleirado ou vertido a cantidade de 9.000 litros de residuos ou fracción, de tal xeito que será necesario facer unha solicitude por cada unidade ou fracción, aínda que se realicen nun mesmo servizo, tendo cada unha delas a consideración dun novo feito impoñible.

## ARTIGO 3. SUXEITOS PASIVOS

Son suxeitos pasivos deste prezo público, obrigados ao pagamento, no concepto de contribuíntes, as persoas físicas, xurídicas e as entidades a que se refiren os artigos 35 e 36 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria e artigo 43 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que soliciten, resulten beneficiadas ou sexan usuarias dos servizos ou actividades polos que deban satisfacerse aqueles, descritos no artigo 1 da presente ordenanza.



*ARTIGO 4. CONDICIÓNS DE BALEIRADO DE FOSAS SÉPTICAS E POZOS NEGROS*

1. Os/as titulares de fosas sépticas ou pozos negros poderán solicitar o seu baleirado, traslado e vertido dos residuos nas instalacións de depuración xestionadas polo Concello de Ponteareas, até un máximo de 9.000 litros por cada unidade de servizo e 15.000 litros por ano natural.

De igual modo, os/as titulares de fosas sépticas ou pozos negros que realicen o baleirado e transporte pola súa conta, poderán solicitar autorización para realizar o vertido dos residuos recollidos na EDAR do Concello, tamén até un máximo de 9.000 litros por cada unidade de vertido.

2. O/a titular da fosa séptica ou pozo negro deberá presentar unha solicitude ante o Concello de Ponteareas debendo cumprir os seguintes requisitos:

- A vivenda ou establecemento non poderá dispoñer do servizo de rede de sumidoiros, nin deberá serlle obrigatoria a súa conexión de acordo coas condicións que se estableza na correspondente ordenanza municipal e no regulamento marco de prestación do servizo de saneamento e depuración de augas residuais indicado no artigo 32.3 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.
- As augas vertidas á fosa séptica ou pozo negro deberán ser de natureza doméstica procedentes de vivendas unifamiliares, de centros socio-culturais ou de casas de turismo rural situados nos lugares ou parroquias sen saneamento.

3. No caso de que a solicitude indicada no apartado anterior reúna os requisitos para a súa aceptación, o Concello de Ponteareas ditará unha resolución autorizando a realización de baleirados que será comunicada ao/á responsable da execución do servizo, dándolle traslado do expediente.

4. O/a responsable da execución do servizo deberá poñerse en contacto co/a solicitante e indicarlle día e hora para realizar o servizo, deberá tamén comunicarllo ao/á responsable da EDAR para a recepción dos residuos.

5. No momento de realizar o baleirado deberá cubrirse un modelo onde se debe identificar o titular da fosa, a dirección da vivenda ou establecemento e o volume vertido. Este modelo deberá ser asinado polo titular da fosa, polo transportista e, posteriormente, polo/a responsable da EDAR. Este formulario quedará en posesión do Concello, no Departamento responsable do servizo.

6. O/a xestor/a da depuradora comunicará mensualmente ao Concello de Ponteareas os vertidos realizados, mediante un modelo establecido para o efecto onde farase constar o nome ou razón social do suxeito pasivo, a dirección da vivenda ou establecemento e o volume vertido.

7. No caso de que a solicitude non cumpra os requisitos para a súa aceptación, daráselle ao/á titular solicitante un prazo de 10 días para a súa emenda. De non facelo así, anularase o expediente e procederase á devolución da tarifa ingresada, se fose o caso.



Mércores, 10 de maio de 2023

Núm. 89

**ARTIGO 5. SOLICITUDE DE BALEIRADO**

1. A solicitude de baleirado ou vertido realizarase mediante o formulario correspondente que recollerá os datos necesarios que identifiquen o inmovible, do propietario do mesmo e da fosa séptica ou pozo negro a baleirar. Este formulario incluírá unha declaración responsable de que os vertidos teñen natureza doméstica ou asimilada.

2. Esta solicitude deberá ir acompañada dos seguintes documentos:

- a. Copia do NIF/CIF do solicitante.
- b. Xustificante de ter realizado o ingreso estipulado da cota correspondente segundo os artigos 6 e 7 desta ordenanza.

3. A autorización da solicitude quedará supeditada a obtención dos seguintes extremos:

- a. Resolución positiva da tramitación da Declaración de Baleirado de Fosas Sépticas en Depuradoras de Augas Residuais Xestionadas polo Concello de Pontearreas.
- b. Informe do correspondente departamento do Concello de Pontearreas de que a vivenda ou o establecemento non dispón de conexión ao servizo municipal da rede de saneamento, nin ven obrigada a súa conexión de acordo ás condicións que se establecen no Regulamento do Servizo Municipal de Subministración de Auga do Concello de Pontearreas (BOP nº 86 de 15 de abril de 1991) e na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia, as súas modificacións ou calquera outra que as substitúa ou complementa.

No caso que unicamente se solicite o vertido, non é necesario informar que non ten obriga de realizar a conexión a rede de saneamento.

**ARTIGO 6. COTAS**

Para cada servizo de baleirado, transporte e vertido na EDAR do Concello por cada unidade de baleirado/vertido de 9.000 litros ou fracción, fíxase unha tarifa única de 48,28 euros.

Se o servizo solicitado é unicamente para realizar o vertido dos residuos recollidos do baleirado dunha fosa séptica ou pozo negro na EDAR do Concello, por cada unidade de vertido de 9.000 litros ou fracción, fíxase tamén unha tarifa única, de 36,21 euros.

Non se admitirá ningún tipo de redución das tarifas indicadas neste artigo.

**ARTIGO 7. DEVINDICACIÓN E INGRESO**

1. O prezo público regulado nesta Ordenanza devindicarase e será esixible no momento da solicitude de cada servizo.

2. Os/as solicitantes dos servizos que constitúan o feito impoñible deste prezo público deberán tramitar na Tesourería, no momento da solicitude, a liquidación e realizar o ingreso correspondente polo importe sinalado na tarifa segundo o artigo anterior.



Mércores, 10 de maio de 2023

Núm. 89

*ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN*S

Nas infraccións tributarias desta Ordenanza a súa cualificación, así como as sancións correspondentes estarase ao disposto na Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

*DISPOSICIÓN DERROGATORIA*

Esta ordenanza derroga expresamente a “Ordenanza Fiscal Reguladora do Prezo Público pola Prestación de Servizos de Limpeza de Pozos Negros e Fosas Sépticas”, aprobada no Pleno da Corporación celebrado o día 25 de febreiro do 2020 e publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra número 161, do 21 de agosto do 2020, actualmente vixente, as súas modificacións e calquera outra disposición de igual ou inferior rango que se opoñan ao que establece a presente Ordenanza.

*DISPOSICIÓN*S FINAIS

PRIMEIRA. No que non estea previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Lei Xeral Tributaria, Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia e a normativa de desenvolvemento e concordante que resulte de aplicación, ou calquera outra que as substitúa.

SEGUNDA. A presente Ordenanza Fiscal entrará en vigor o día seguinte da súa publicación do acordo definitivo do texto íntegro da Ordenanza no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresas.

TERCEIRA. Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, poderase interpor polos/as interesados/as Recurso Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación.

A alcaldesa

María Cristina Fernández Davila

